

ID#47

A Pobra do Brollón - O Incio, 1989-06-13

Informantes: Álvaro e José Veloso (Álvaro e Pepe *de Forgas*)

Compilador: Anxo González

Colección de X.L. Rivas e B. Iglesias

Transcripción: X.L. Rivas, rev. Sergio de la Ossa

RiXo_0002_047



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. Veño de moi largas terras por fin dei chegado agora veño darlle as boas noites a toda a xente da voda
2. A toda a xente da voda tamén lle vou perguntar a ver se nos dan permiso pra poderlles berindar
3. Pra poderlles berindar agora estamos na ocasión a ver si fan o favor de darnos contestación

Estas botábanselle desde afóra.

4. Válgame Dios de los cielos Ferrería de Aguilar tanta xente que hai á porta que é o que ven buscar

Ahora lle... contestábanlle os outros cando iban tal...

5. Qui é o que ven buscar i-eu voucho decir agora non vimos por cousa mala vimos por honra-la voda

Ahora xa era cando empezaban a meterse cos padriños, ca madriña, cos novios, a pedir tabaco [...], despois... alí había un noso veciño, i ese desde as dez da noite ás seis da mañá non lle calaba a lingua... pero descorridas todas da cabeza e dille...

RiXo_0003_001-002

1. Veño de moi largas terras por fin dei chegado agora veño darlle as boas noites a toda a xente da voda.
2. A toda a xente da voda tamén lle vou perguntar a ver se nos dan permiso pra poderlles berindar.
3. Pa poderlles berindar pídolle de corazón se nos dan o permiso e que nos dean contestación.
4. Eu salín a esta ventana pra lles poder preguntar tanta xente qu'ei está que é o que ven buscar.
5. Ai, pois e o que ven buscar eu voulle decir agora non lle ven por cousa mala venlle por honra-la voda.

6. [*Miña madriña quer*]ida i-eu vouche decir agora que te vaias preparando logo che ha vir unha nora.
7. Logo che ha vir unha nora a ela non che lle interesa dice que inda está moi fuerte qu'inda levanta a tapa da artesa.
8. Levanta a tapa da artesa escoitame o que che digo pero quen che lle ten prisa a fenchíña, é ó fillo.
9. Antes cando era de noite alumábase cun candil agora estanche a relo non lle arregla os males dil.
10. Ahora vouche decir a min gústame o viño cando acabes ca do fillo empezas ca do sobriño.

11. Empeza ca do sobriño teñen a cousa calada i-está ben adelantado e a Lola non sabe nada.
12. I-a Lola non sabe nada o coche vai pola pista non digades esas cousas xa se trasuda o Bautista.
13. Xa se trasuda o Bautista e non me pica un gusano porque dice que se lle van ai os aforros dun ano.
14. Non fagas caso a esas cousas home non lle teñas medo hai que ll'ir decindo algo ó Manolo de Sampedro.
15. O Sampedro está fastidiado [...]
que non sabe se lle irá antes o fillo ou a filla.